

14. Información da liquidación provisional das entidades integradas no sector público.

As entidades que, en virtude do previsto no artigo 2 da Lei estatal 18/2001, xeral de estabilidade orzamentaria, formen parte do sector administracións públicas, para os efectos do cumprimento do criterio de estabilidade orzamentaria da Comunidade Autónoma de Galicia, remitirán á Intervención Xeral antes do día 26 de xaneiro a información contable anual nos modelos normalizados, aprobados para tal efecto polo acordo do Consello de Política Fiscal e Financeira do 10 de abril de 2003.

15. Apertura do exercicio de 2007.

15.1. Unha vez pechado o exercicio de 2006, procederase ao traspaso ao de 2007 dos expedientes procedentes de exercicios anteriores de acordo coa seguinte orde de prelación:

a) Anualidades de 2007 e futuros consecuencia de compromisos plurianuais contraídos en exercicios anteriores.

b) Compromisos, autorizacións e retencións de crédito correspondentes a expedientes de tramitación anticipada.

c) Expedientes que alcanzasen en 2006 a fase de compromiso, polo importe polo que non se recoñecera a obriga.

15.2. Cando estes expedientes se correspondan con créditos desconcentrados, o centro xestor procederá á desconcentración do crédito necesario para a súa contabilización.

15.3. A Intervención Xeral contabilizará de oficio estas operacións. No caso de que non proceda a contabilización dalgún destes expedientes, o órgano xestor tramitará as correspondentes operacións de anulación.

15.4. Só cando se realizasen estas operacións, comezarse a tramitar expedientes con imputación ao exercicio de 2007 nas aplicacións afectadas.

#### *Disposición adicional*

Primeira.-O conselleiro de Economía e Facenda poderá autorizar a excepción do cumprimento dos prazos establecidos nesta orde mediante resolución motivada e por petición do centro xestor afectado.

Segunda.-Autorízase a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma a ditar as instrucións necesarias para o cumprimento desta orde.

#### *Disposición derradeira*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2006.

José Ramón Fernández Antonio  
Conselleiro de Economía e Facenda

## **CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

*Orde do 8 de novembro de 2006 pola que se autoriza a posta en funcionamento de estudos oficiais de posgrao nas universidades do sistema universitario de Galicia.*

A Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades (artigo 8.2º) establece que a implantación e supresión de ensinanzas conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, serán acordadas pola comunidade autónoma correspondente.

Polo Decreto 51/2006, do 23 de marzo, DOG nº 61 do 28 de marzo, autorízase a implantación de estudos universitarios oficiais de posgrao nas universidades do sistema universitario de Galicia, conducentes aos títulos de mestrado que nel se indican; e habilítase expresamente a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento deste decreto.

Para este fin, as universidades deberán xustificar e especificar previamente, ante a consellería, a contratación de profesores mantendo as ratios de calidade e de profesor/alumno así como os requisitos relativos aos espazos que se establecen no Decreto 259/1994, do 29 de xullo, polo que se establece o procedemento para a creación e recoñecemento de universidades, centros universitarios e autorización de estudos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Cumprido este trámite polas universidades galegas, procede autorizar a posta en funcionamento dos estudos oficiais de posgrao establecidos no Decreto 51/2006, do 23 de marzo, e confirmados polas universidades correspondentes.

Esta orde consta dun artigo e dunha disposición derradeira. O artigo I autoriza a posta en funcionamento dos estudos que se relacionan nos anexos I, II e III e que corresponden aos programas oficiais de posgrao únicos das universidades da Coruña, de Santiago de Compostela e de Vigo respectivamente e o anexo IV que corresponde aos programas oficiais de posgrao interuniversitarios, e a disposición derradeira regula a entrada en vigor da orde.

Polo anterior, de conformidade co Decreto 585/2005, do 29 de decembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, por proposta da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, esta consellería

#### *DISPÓN:*

#### Artigo 1º

Autorízanse as universidades do sistema universitario de Galicia con efectos do curso académico 2006/2007 para a impartición das ensinanzas corres-

pondentes aos programas oficiais de posgrao ao abeiro do Decreto 51/2006, do 23 de marzo (DOG nº 61, do 28 de marzo), polo que se autoriza a implantación de estudos universitarios oficiais de posgrao nas universidades do sistema universitario de Galicia e que se relacionan nos anexos I, II, III e IV desta disposición.

### Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2006.

Laura Sánchez Piñón

Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria

## ANEXO I

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

PROGRAMA OFICIAL DE POSGRAO	TÍTULO
MESTRADO EN URBANISMO: PLANS E PROXECTOS. DO TERRITORIO Á CIDADE	MESTRADO EN URBANISMO: PLANS E PROXECTOS. DO TERRITORIO Á CIDADE
POSGRAO EN ECONOMÍA E EMPRESA	MESTRADO EN BANCA E FINANZAS
POSGRAO EN INFORMÁTICA	MESTRADO EN INFORMÁTICA
POSGRAO EN DEREITO	MESTRADO EN DEREITO: ESPECIALIDADE EN ESTUDOS DA UNIÓN EUROPEA
QUÍMICA AMBIENTAL E FUNDAMENTAL	MESTRADO EN QUÍMICA AMBIENTAL E FUNDAMENTAL
ENXEÑARÍA DA AUGA	MESTRADO EN ENXEÑARÍA DA AUGA
POSGRAO EN SAÚDE, DISCAPACIDADE DEPENDENCIA E SOCIEDADE	MESTRADO EN XESTIÓN E INVESTIGACIÓN DA DISCAPACIDADE E A DEPENDENCIA

## ANEXO II

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

PROGRAMA OFICIAL DE POSGRAO	TÍTULO
CIENCIA E TECNOLOXÍA QUÍMICA	MESTRADO EN QUÍMICA AVANZADA
ENXEÑARÍA QUÍMICA E AMBIENTAL	MESTRADO EN ENXEÑARÍA AMBIENTAL
ENXEÑARÍA BIOTECNOLÓXICA	MESTRADO EN ENXEÑARÍA BIOTECNOLÓXICA
SERVIZOS CULTURAI	MESTRADO EN SERVIZOS CULTURAI

## ANEXO III

UNIVERSIDADE DE VIGO

PROGRAMA OFICIAL DE POSGRAO	TÍTULO
CIENCIA E TECNOLOXÍA AGROALIMENTARIA	MESTRADO EN CIENCIA E TECNOLOXÍA AGROALIMENTARIA
MESTRADO EN ESTUDOS DE XÉNERO	MESTRADO EN ESTUDOS DE XÉNERO

## ANEXO IV

PROGRAMAS INTERUNIVERSITARIOS

PROGRAMA OFICIAL DE POSGRAO	TÍTULOS	UNIVERSIDADE COORDINADORA	UNIVERSIDADES PARTICIPANTES
MÉTODOS MATEMÁTICOS E SIMULACIÓN NUMÉRICA EN ENXEÑARÍA E CIENCIAS APLICADAS	MESTRADO EN ENXEÑARÍA MATEMÁTICA	USC	UDC UVI USC
DIRECCIÓN E PLANIFICACIÓN DO TURISMO	MESTRADO EN DIRECCIÓN E PLANIFICACIÓN DO TURISMO	USC UDC UVI	USC UDC UVI

PROGRAMA OFICIAL DE POSGRAO	TÍTULOS	UNIVERSIDADE COORDINADORA	UNIVERSIDADES PARTICIPANTES
XERONTOLOXÍA	MESTRADO EN XERONTOLOXÍA	USC UDC	USC UDC
NEUROCIENCIA	MESTRADO EN NEUROCIENCIA	USC	USC UDC UVI
FÍSICA APLICADA	MESTRADO EN FÍSICA APLICADA	UVI	UVI UDC
HISTORIA CONTEMPORÁNEA	MESTRADO EN HISTORIA CONTEMPORÁNEA	UAM	USC UAM

## CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

*Decreto 205/2006, do 2 de novembro, polo que se declara ben de interese cultural, coa categoría de lugar de interese etno-gráfico a aldea de Froxán, concello de Folgoso do Courel, provincia de Lugo.*

A aldea de Froxán, pertencente á parroquia de San Vicente de Vilamor, representa un destacado exemplo da forma de vida tradicional nesta singular bisbarra de Quiroga, na montaña de Lugo. A dureza do clima e da topografía, o seu illamento secular e a súa pobreza económica, que contrasta fortemente coa súa riqueza natural e paisaxística, permitiron o mantemento dunhas formas de vida tradicionais que en moitos casos se achegaron máis á época medieval, en concreto, a arquitectura, a construción, a tradición, a paisaxe e os seus costumes.

Froxán presenta un tipo de asentamento en que os casaríos se van instalando aos lados dos camiños, que dentro da aldea se van ramificando. As construcións, xeralmente de muros de cachotaría e cuberta de lousa, vanse pegando e colocando de forma que protexen o espazo público constituído pola rúa.

A aldea de Froxán é un conxunto urbano de salientable interese e dun valor etnolóxico e arquitectónico desde o punto de vista da súa configuración espacial, caracterizado pola forte adaptación e dependencia da topografía. É, ademais, un claro exemplo da arquitectura popular das serras orientais de Galicia.

O conxunto edificado complementase cos seguintes elementos que configuran a imaxe da aldea:

-Dúas ou tres pequenas eiras no bordo da aldea, entre as cales destaca unha delas pola súa posición, que a converte nun inmillorable miradoiro sobre o conxunto, e unha eira principal, situada no seu corazón, que constitúe o principal espazo público de reunión.